

EXPOSICIÓN A AXENTES BIOLÓXICOS EN TRABALLOS POR CONTACTO CON AUGAS RESIDUAIS

Exposición

Entendese por exposición a axentes biolóxicos á presenza destes no entorno laboral que implica o contacto de ditos axentes co traballador por calquera das vías de entrada ao organismo.

Identificación

A exposición ou posible exposición aos axentes biolóxicos pódese dar nos postos de traballo que están en contacto coas augas residuais ou con augas non tratadas.

No ámbito laboral, consideramos dous tipos de actividades onde se pode producir a exposición ou posible exposición aos axentes biolóxicos por estar en contacto con este tipo de auga:

1. Exposición derivada dunha **actividade laboral con intención deliberada de utilizar ou manipular un axente biolóxico**, o que constitue o propósito principal do traballo. É dicir, o cultivo, a manipulación ou a concentración de axentes biolóxicos presentes na auga.
 - Os laboratorios de análise de augas para o seu diagnóstico microbiolóxico.
2. Exposición derivada dunha **actividade laboral que non implica unha intención deliberada de utilizar ou de manipular un axente biolóxico, pero que pode conducir á exposición**. Nestes casos trátase dunha exposición potencial a axentes biolóxicos xa que a exposición é incidental ao propósito principal do traballo.
 - Traballos en instalacións depuradoras de augas residuais.
 - Laboratorio de análise físico-químico de augas. (Neste apartado non entraría o laboratorio de análise microbiolóxico).
 - Traballos de Fontanería.
 - Traballos en lugares como alcantarillas, pozos, depósitos de auga.
 - Traballos de toma de mostras de augas en instalacións (torres de refrixeración, sistemas de auga quente, etc...), pozos, depósitos de auga, ríos, etc...
 - Traballos de recuperación das marxes dos ríos.

Clasificación

Segundo a lexislación actual, os axentes biolóxicos potencialmente presentes nos postos de traballo en contacto con augas residuais ou con augas non tratadas, corresponderían aos seguintes grupos:

AXENTES DO GRUPO 1.- Aqueles cuxa acción resulta pouco probable que cause enfermidades no home.


AXENTES DO GRUPO 2.- Aqueles que poden causar enfermidades no home, dificilmente propagable, e para os que existen tratamentos preventivo e curativo eficaces.

AXENTES DO GRUPO 3.- Poden causar enfermidades graves no home, é probable a súa propagación, pero soen existir tratamentos preventivo e curativo eficaces.

Axentes máis probables nas augas residuais

Nos traballos nos que se pode entrar en contacto coas augas residuais os traballadores poden estar expostos a "Riscos derivados da exposición a axentes biolóxicos infecciosos e/ou parasitarios, que poden estar na auga residual e que poden ser causantes de enfermidades no home".

Exemplos de axentes a considerar neste tipo de actividade son: Salmonella spp., Pseudomonas aeruginosa Clostridium tetani, Virus Hepatitis A, Giardia lamblia o Legionella spp.



EXPOSICIÓN A AXENTES BIOLÓXICOS EN TRABALLOS POR CONTACTO CON AUGAS RESIDUAIS

Os axentes neste tipo de actividades atópanse clasificados nos grupos de risco 2 e 3 dacordo co R.D. 664/97.

Nota: Os exemplos citados, inclúen axentes que ben polo seu interese, ben pola súa ubicidade e/ou pola súa importancia como patóxenos, poderían ser vehiculados pola auga residual.

Débense coñecer por qué vía se incorporan ao organismo estes axentes:

- ✓ Respiratoria: inhalación de bioaerosoles da auga.
- ✓ Dérmica: contacto da auga residual coa pel.
- ✓ Dixestiva: malos hábitos hixénicos.
- ✓ Parenteral: cortes ou pinchazos con obxectos en contacto coas augas e a través de feridas que poidan estar en contacto coa auga.

¿De qué depende a situación de risco?


- ✓ Da potencial presenza dos axentes biolóxicos.
- ✓ Da gravidade da súa acción.
- ✓ Das medidas de prevención adoptadas.

Medidas de prevención

O coñecemento de todos os factores que poden influir na posible exposición aos axentes biolóxicos nos postos de traballo, permitirannos establecer as medidas de control máis axeitadas que nos sirvan para evitar ou minimizar o risco de exposición aos axentes biolóxicos.

As medidas de control do risco biolóxico nas actividades en contacto coa auga residual ou coa auga non tratada pódense integrar nos seguintes apartados:

- Medidas de contención nos recintos de traballo e instalacións.
- Medidas de contención nos Equipos de traballo.
- Medidas de control nos Procedementos de traballo.
- Xestión de Residuos.
- Equipos de Protección individual.
- Medidas Hixénicas.
- Vixilancia da Saúde.
- Formación e Información en materia de Seguridade e Saúde laboral.



EXPOSICIÓN A AXENTES BIOLÓXICOS EN TRABALLOS POR CONTACTO CON AUGAS RESIDUAIS

En resumo, as medidas preventivas a aplicar, entre outras, poderían ser as que se indican a continuación, no obstante a diversidade de situacións que na práctica poden plantearse, serán adecuadas e/ou completadas, entre outras, en base aos resultados da avaliación de riscos:

- Dispoñer de procedementos seguros para a execución de tarefas nas que se prevea exposición a axentes biolóxicos.
- Dispoñer de lavabos suficientes dotados de deterxentes antisépticos e toallas desechables.
- Protexer feridas.
- Dispoñer de tempo suficiente para o aseo persoal antes de comer e antes de abandonar o traballo.
- Non comer, beber ou fumar fora das áreas destinadas ao efecto, nunca nos lugares onde se desenvolven tarefas en contacto coas augas residuais.
- Utilizar EPIs adecuados:
 - Mascarillas (FFP2 según EN 149) nas zoas de produción de bioarsoles (microgotículas de auga) ou en tarefas que os produzan.
 - Luvas de protección fronte a microorganismos (EN 374-1,2,3) e certa protección mecánica (EN 388), naquelas operacións en contacto coas augas residuais ou materiais que estiveran en contacto con estas.
 - Gafas de protección fronte a salpicaduras de líquidos naquellas tarefas que podan producir salpicaduras aos ollos.
- Non mezclar roupa de traballo e rúa.
- Dispoñer de pautas de actuación fronte a cortes, salpicaduras nas que estean implicadas as augas residuais.
- Formación sobre os riscos biolóxicos aos que poden verse expostos os traballadores e as medidas preventivas aplicables.
- Informar sobre procedementos adecuados para a minimización do risco (Medidas Preventivas, EPI's, etc...).
- En laboratorios, seguir pautas marcadas pola Reglamentación sobre BPL (Boas Prácticas de Laboratorio).
- Dispoñer de programas para xestión do control de plagas nas instalacións.
- Lavado de roupa de traballo.
- Vixilancia da Saúde adecuada.
- Establecer campañas de vacinación que prescriba o servizo médico competente.
- Lavado de mans incluso despois de utilizar luvas.



Lexislación

Real Decreto 664/1997 de 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Guía Técnica para a avaliación e a prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos. INSHT.